

# EUCALIPTO - *Eucalyptus globulus*

## DATOS

- Orixe: sueste de Australia e Tasmania;
- Hábitats que coloniza: litorais e zonas baixas até uns 300 m de altura, en solos lixeiramente acedos e zonas frescas e húmidas, non tolera o frío intenso;
- Reprodución: por sementes;
- Problema: fragmentación de ecosistemas naturais, empobrecemento das cadeas tróficas, alteración das propiedades do solo como a diminución do balance hídrico,...;
- Víctimas: diversidade vexetal (liques, sotobosque,..) e animal (invertebrados, aves,..)

É unha especie pirófito, favorece os incendios e reabrolla con intensidade ocupando a superficie queimada.

## ELIMINACIÓN

### Tempada

- Calquera momento

### Método

<https://www.youtube.com/watch?v=rsn8lOOVj8A>

- Espécimes máis pequenos mediante arranque manual

- Medianos por descascado da codia:
  - .realizar un anel de incisión a 40 cms do chan que corte a casca e chegue á madeira;
  - .eliminar completamente a casca e o cambio ata a raíz;
  - .deixar secar completamente a árbore antes de cortala.
- Grandes por tala.

O descascado debe ir ata a base do tronco para evitar reabrollos.

Algúns tocos reabrollan, co que haberá que eliminar os abrollos ata que a árbore morra.

verdegaia

12 Meses,  
12 Invasoras

- Árbore de ata 50 m de altura, con tronco dereito de até 2 m de diámetro

- Follas perennes, adultas lanceoladas falciformes, con ápice agudo e nervio central marcado

- Flores grandes e vistosas con numerosos filamentos de cor cremosa
- Froitos leñosos de 4-5 caras

ANTES DE ACTUAR ASEGÚRATE DE COÑECER O PROCESO CORRECTAMENTE. EN CASO DE DÚBIDA CONTACTA CON NÓS:  
[info@verdegaia.org](mailto:info@verdegaia.org)